

Indicadores do sector empresarial. Ano 2009

NOTA DE PRENSA

En 2009 a cifra de negocios da metade das sociedades mercantís é inferior aos 216 mil euros

Indicadores xerais

Segundo a operación estatística “Indicadores do sector empresarial” correspondente ao ano 2009 e elaborada polo Instituto Galego de Estatística, a partir das **sociedades mercantís que presentaron as súas contas no Rexistro Mercantil**, a media da cifra de negocios destas sociedades é de 1.711,1 miles de euros mentres que a mediana se sitúa nos 216,03 miles de euros.

Resumo dos principais indicadores do sector empresarial galego . Ano 2009

Miles de euros

	Nº empresas	Media	Mediana
Cifra neta de negocios	38.694	1.711,1	216,03
Valor engadido	45.131	407,74	63,03
Gastos de persoal	36.511	273,97	72,60
Resultado económico bruto	45.136	186,08	7,64
Total activo	46.461	2.470,47	212,04

Fonte: IGE. Indicadores do sector empresarial

Indicadores segundo o tamaño da empresa

No ano 2009 a media do valor engadido das empresas con sede social en Galicia e que presentaron as contas no rexistro mercantil acadou os 407.740 euros. Para a metade destas empresas o valor engadido foi inferior aos 63.030 euros. A media do valor engadido varía en función do tamaño da empresa. Así, para as microempresas sitúase arredor dos 120.000 euros e para as grandes empresas en algo máis de 46 millóns de euros.

Principais indicadores do sector empresarial galego segundo tamaño da empresa. Ano 2009

Miles de euros

	Total	Grandes empresas	Mediana empresa	Pequena empresa	Microempresa
Valor engadido					
Media	407,74	46.202,72	5.111,54	1.332,20	118,81
Mediana	63,03	14.593,73	3.327,59	843,66	53,04
Gastos de persoal					
Media	273,97	18.302,22	2.920,03	750,88	110,88
Mediana	72,60	7.778,07	1.906,99	518,38	62,38
Total de activo					
Media	2.470,47	269.718,06	22.824,22	6.783,94	1.012,50
Mediana	212,04	81.061,29	13.475,55	2.567,90	179,03

Fonte: IGE. Indicadores do sector empresarial

Os gastos de persoal son, en media, de 273.970 euros anuais por empresa. Estes gastos varían desde os 110,88 mil euros nas microempresas ata os 18,3 millóns de euros nas grandes empresas.

A metade das empresas galegas contaban en 2009 cun activo total inferior aos 212.040 euros pero a media por empresa acadou preto dos 2,5 millóns de euros. En función do tamaño, a media do total de activo para as microempresas foi de aproximadamente un millón de euros e para as grandes empresas 269,7 millóns.

Indicadores segundo o sector de actividade

Segundo os sectores de actividade, a industria é o que acada unha media máis alta do valor engadido (847.060 euros) e a agricultura o menor (272.440 euros).

Principais indicadores do sector empresarial galego segundo o sector económico. Ano 2009

Miles de euros

	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
Valor engadido				
Media	272,44	847,06	367,96	331,67
Mediana	72,54	111,91	60,87	56,49
Gastos de persoal				
Media	226,76	558,34	218,42	232,50
Mediana	77,84	134,94	77,28	62,57
Total de activo				
Media	1.304,43	3.538,24	2.251,39	2.375,35
Mediana	366,84	311,60	269,42	178,62

Fonte: IGE. Indicadores do sector empresarial

Os gastos de persoal, en media, tamén son notablemente maiores na industria (558.340 euros) que no resto de sectores. Neste caso o sector con menor media de gastos de persoal é a construción (218.420 euros).

A media do total de activo acadou nas empresas industriais os 3,5 millóns de euros, aínda que para a metade destas empresas non chega aos 311.600 euros. Na agricultura a media é inferior (1,3 millóns de euros) pero a mediana é lixeiramente superior (366.840 euros).

Ratios

O Comité Europeo de Central de Balances desenvolveu a base de datos de Ratios Sectoriais das Sociedades non Financeiras (RSE) coa que pretende facilitar referencias sectoriais para comparar os resultados das empresas europeas. Na actualidade conta con 28 ratios.

No Instituto Galego de Estatística replicáronse estas 28 ratios e a continuación preséntanse tres delas que nos permiten obter unha visión sobre a situación económico financeira das empresas galegas.

Principais ratios do sector empresarial galego segundo tamaño da empresa. Ano 2009

	Total	Grandes empresas	Mediana empresa	Pequena empresa	Microempresa
R01. Valor engadido/Cifra neta de negocios					
Media	0,41	0,25	0,26	0,33	0,42
Mediana	0,39	0,17	0,18	0,25	0,40
R02. Gastos de persoal/Cifra neta de negocios					
Media	0,41	0,10	0,14	0,19	0,44
Mediana	0,33	0,07	0,11	0,14	0,36
R22. Fondos propios/Total pasivo					
Media	0,49	0,34	0,35	0,36	0,51
Mediana	0,35	0,32	0,31	0,32	0,35

Fonte: IGE. Indicadores do sector empresarial

Pódese observar como a ratio do valor engadido entre o importe da cifra neta de negocios é maior nas empresas de menor tamaño e diminúe a medida que aumenta o tamaño das empresas. Por sectores de actividade, a construción é o que presenta unha maior media e mediana desta ratio.

A ratio dos gastos de persoal entre a cifra neta de negocios tamén é significativamente maior nas microempresas. De feito, a media desta ratio varía de 0,44 nas microempresas ata 0,1 nas grandes empresas.

Por último a ratio calculada como os fondos propios entre o total de pasivo tamén é maior nas microempresas aínda que nesta ocasión as diferenzas, segundo o tamaño da empresa, son menores que coas restantes ratios. Por sectores económicos a media e a mediana para esta ratio é maior na agricultura e nos servizos.



Principais ratios do sector empresarial galego segundo o sector económico. Ano 2009

	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
R01. Valor engadido/Cifra neta de negocios				
Media	0,36	0,42	0,51	0,37
Mediana	0,42	0,42	0,46	0,34
R02. Gastos de persoal/Cifra neta de negocios				
Media	0,40	0,41	0,50	0,39
Mediana	0,30	0,36	0,39	0,30
R22. Fondos propios/Total pasivo				
Media	0,55	0,45	0,44	0,52
Mediana	0,35	0,33	0,29	0,38

Fonte: IGE. Indicadores do sector empresarial

Pódese consultar a metodoloxía desta estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_IndicadoresEmpresariais_ga.pdf

Información detallada en:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307006005

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>

Síguenos en Twitter: http://twitter.com#!/IGE_Estadistica